EXPEDIENTE 2026/G010/000008. PLENO SESIÓN ORDINARIA 9 DE XULLO DE 2026.

ACTA Nº 2026/8

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro
Data: xoves 9 de xullo de 2026
Hora de comezo: 21.00 horas
Hora de remate: 22.31 horas

PRESIDE:

JESÚS JOSÉ REBOREDO GONZÁLEZ (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUÁREZ MILLÁN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
JOSÉ LUÍS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)
JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito
DARÍO REY SUAREZ

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión ordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

1 EXPEDIENTE 2026/G010/000007. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 11 de xuño de 2026. Aprobación da acta da sesión.

2 EXPEDIENTE 2025/A008/000051. Subvención nominativa á Deputación Provincial de A Coruña para a execución do proxecto de obra Parque infantil agility e bikepark no Concello de Touro. Aprobación proxecto e solicitude.

3 EXPEDIENTE: 2026/E004/000001. Modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Touro. Aprobación.

4 EXPEDIENTE 2026/T002/000012. Modificación de créditos primeira baixo a modalidade de suplemento de crédito. Aprobación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

5 EXPEDIENTE 2026/X006/000118. Calendario laboral ano 2027. Aprobación proposta fixación festivos locais.

II PARTE DE CONTROL

6 EXPEDIENTE 2026/G006/000149. Decretos da Alcaldía ditados entre o 8 de xuño e o 5 de xullo de 2026.

7 Mocións

8 Rogos e preguntas.

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1 EXPEDIENTE 2026/G010/000006. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN ORDINARIA DO 11 DE XUÑO DE 2026. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

11.06.2026. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 11 de xuño de 2026.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen**.**

VOTACIÓN

A acta resultou aprobada pola unanimidade dos once concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, o concelleiro do PG, o concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito).

2 EXPEDIENTE 2025/A008/000051. SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE OBRA PARQUE INFANTIL AGILITY E BIKEPARK NO CONCELLO DE TOURO. APROBACIÓN PROXECTO E SOLICITUDE.

Por parte do Sr. Alcade procedeuse a explicar a proposta contida no expediente co seguinte tenor literal:

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO. O 10 de novembro de 2025 por parte do Concello presentouse solicitude ante a Deputación Provincial co seguinte contido:

Primeiro.- Solicitar a esa Deputación Provincial da Coruña, unha subvención nominativa para a execución da obra "PROYECTO DE EJECUCIÓN DEL PARQUE INFANTIL AGILITY Y BIKEPARK EN EL CONCELLO DE TOURO", por un importe de 100.000 €.

Segundo.- O Concello de Touro asumiría o compromiso do financiamento do importe restante, pola cantidade de 77.196,16 €.

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

SEGUNDO. O 7 de xaneiro de 2026 emitiuse informe polos servizos urbanísticos municipais onde conta: *As obras deberán contar cos seguintes informes sectoriais: - Autorización da Entidade pública empresarial Augas de Galicia.*

TERCEIRO. O 12 de xaneiro de 2026 Augas de Galicia comunicou ao Concello *que as actuacións solicitadas poderán realizarse presentando unha declaración responsable, polo que poden ser tramitadas como tales mediante o procedemento de actuacións menores no dominio público e zona de policía (AU 113C).*

CUARTO. O 27 de marzo de 2026 tivo entrada no Concello Informe de Supervisión do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios onde se fai constar o seguinte:

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E LEGAIS

Examinada a documentación en cuestión, en relación coa integridade que ven determinada pola normativa vixente (art. 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; art. 6 do CTE aprobado por Real Decreto 314/2006; demais concordante), e a Base 5.B.2.1.- Proxectos técnicos ou pregos de prescricións técnicas do POS+2026 (BOP nº 231 do 02/12/2025), emítese INFORME DESFAVORABLE por considerar que non se cumpren os requisitos esixidos ao respecto.

Deberá emendar os seguintes aspectos:

1.- Debe incluírse o estudo xeotécnico ou xustificación da incompatibilidade coa natureza da obra. Xa que segundo establece o artigo 233 sobre Contido dos proxectos e responsabilidade derivada da sua elaboración: "Salvo que resulte incompatible coa natureza da obra, o proxecto deberá incluír un estudio xeotécnico dos terreos sobre os que esta se vai a executar..."

2.- Plan de obra: O importe do programa valorado, non coincide co importe do orzamento.

3.- Accesibilidade

3.1.- Na documentación xustificase a lei 8/1997 que foi derogada pola Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade. Debe ser esta ultima a que se xustifique o seu cumprimento.

3.2.- En relación a Orden TMA/851/2021, debera xustificarse o cumprimento dos niveis mínimos de iluminación establecidos no artigo 8.

4.- Documentación gráfica, planos

Segundo establece o artigo 233 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público o proxecto deberá comprender a lo menos, os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e servizos afectados pola sua execución.

4.1.- Os planos deberan acoutarse para permitir deducir deles as medicións e comprobar o cumprimento da normativa de aplicación.

4.2.- Deberá incorporar un plano xustificativo do cumprimento das condicións de accesibilidade nos espazos públicos e identificar os itinerarios accesibles.

4.3.- Debera completarse a definición gráfica dos elementos de xogo, dos elementos do parque canino e os do bikepark e os seus detalles construtivos.

QUINTO. O 22 de abril de 2026 por parte do Concello remitiuse á Deputación Provincial o proxecto emendado, cun orzamento total de 204.463,23 €.

SEXTO. O 30 de abril de 2026 ten entrada no Concello escrito da Deputación Provincial onde se solicita:

Unha vez informado favorablemente o proxecto,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

-Solicitase acheguen o documento acreditativo da súa aprobación polo Pleno do Concello.

-Solicitase acheguen o RC actualizado para facer fronte ao 51.09145% do importe que ten que aportar o Concello.

Ademais é necesaria a documentación do artigo 18.d) para as entidades públicas que non consta no expediente:

-Liquidación do orzamento do exercicio anterior

-Estado de execución do orzamento, emitido á data de solicitude.

SÉTIMO. O Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o 16 de marzo de 2026 aprobou xunto co orzamento o proxecto de inversións onde consta a citada obra cunha aportación municipal por importe de 77.196,16 €.

CONSIDERACIÓNS

Visto que o proxecto foi modificado en base ao requirimento realizado pola Deputación da Coruña, incrementándose orzamento en 27.267,07 €, pasando de 177.196,16 € a 204.463,23 €; resulta necesario realizar un suplemento de crédito polo citado importe para facer fronte a achega municipal financiado con remanente líquido de tesourería.

Polo exposto, propoño ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o PROYECTO DE EJECUCIÓN DEL PARQUE INFANTIL AGILITY Y BIKEPARK EN EL CONCELLO DE TOURO asinado o 22 de abril de 2026 pola arquitecta Cristina Fornos Teijeira.

SEGUNDO. Solicitar á Deputación Provincial da Coruña unha subvención nominativa para a execución da obra contida no PROYECTO DE EJECUCIÓN DEL PARQUE INFANTIL AGILITY Y BIKEPARK EN EL CONCELLO DE TOURO, por importe do 48,90855 % (100.000,00 €) asumindo o concello de Touro o compromiso de financiar o 51,09145% importe restante (104.463,23 €), achegando informe de secretaría-intervención sobre a capacidade económica do Concello de Touro para facer fronte á financiación.

TERCEIRO. Asumir o compromiso de financiar o 51,09145% (104.463,23 €), facendo a oportuna modificación do orzamento en vigor do 2026.

CUARTO. Que con data 09.10.2025 o Concello de Sobrado remitiu as contas correspondentes ao exercicio 2024 ao Consello de Contas de Galicia.

QUINTO. Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e presentou a declaración responsable de actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía de Augas de Galicia.

SEXTO. Declarar que o concello non está incurso en ningunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e que cumpre coas condicións para obter a condición de beneficiario da axuda.

SÉTIMO. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para a mesma finalidade.

OITAVO. Que será a Alcaldía Presidencia quen realice as oportunas xestións e asine cantos documentos se relacionen co presente asunto."

NOVENO. Certificar o presente acordo e remitir dita certificación á Deputación Provincial de A Coruña.

Tras a quenda de intervencións procedeuse á votación da proposta

VOTACIÓNS

A proposta de aprobación do proxecto e solicitude da subvención nominativa á Deputación Provincial de A Coruña para a execución do proxecto de obra Parque infantil agility e bikepark no Concello de Touro resultou aprobada pola maioría absoluta, con sete votos a favor (5 concelleiros do PP, o

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito), e o voto en contra dos tres concelleiros de MVXT e o concelleiro do PG, sendo once o número legal de membros da Corporación.

3 EXPEDIENTE 2026/E004/000001. MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE TOURO. APROBACIÓN.

Por parte do Sr. Alcade procedeuse a explicar a proposta contida no expediente co seguinte tenor literal:

En relación co procedemento de aprobación da modificación da Relación de Postos de Traballo, e en relación aos seguintes

ANTECEDENTES.

Documento	**Data**
Providencia de Alcaldía e Memoria	19/05/2026
Informe Xurídico	20/05/2026
Convocatoria a Mesa de Negociación conxunta	20/05/2026
Acta da Mesa de Negociación conxunta	01/06/2026
Informe de Intervención	03/06/2026

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local. (TRRL)
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Estatuto Básico do Empregado Público (LEBEP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
- Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local
- Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018. (LPGE)
- Real Decreto-lei 2/2020, do 21 de xaneiro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.
- Xurisprudencia do Tribunal Supremo.

Á vista dos informes obrantes no expediente, considérase que a seguinte proposta se adecúa á lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación ao Pleno da Corporación conforme ao artigo 22.2.i) da Lei de 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Ante o cal formulase ao Pleno da Corporación Municipal a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO. Aprobar a Relación de Postos de Traballo deste Concello, coas modificacións introducidas tras a negociación colectiva e os informes que constan no expediente, nos termos que se axuntan á presente proposta.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

SEGUNDO. Publicar integramente a citada relación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello.

TERCEIRO. Remitir unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma no prazo de trinta días.

Memoria xustificativa e descritiva.

I.1º Natureza e función da Relación de Postos de Traballo

A RPT constitúe, conforme ao artigo 74 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP, o instrumento técnico de ordenación do persoal das Administracións Públicas. A través dela determínase a estrutura dos recursos humanos, fixando as características esenciais de cada posto, os seus requisitos de desempeño e o réxime retributivo aplicable.

No ámbito local, a competencia para a aprobación e modificación da RPT corresponde ao Pleno da Corporación, de acordo co artigo 22.2.i) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), en conexión co artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, que establece a necesidade de organizar os postos de traballo en atención ás funcións que corresponden a cada unidade administrativa.

Polo tanto, a RPT eríxese nun instrumento dinámico que evolucionará consonte ás necesidades organizativas, funcionais e de servizo público da Administración.

I.2º Principios constitucionais e legais aplicables

A modificación da RPT debe responder os principios reitores da actuación administrativa, en particular: o principio de eficacia e servizo á cidadanía (art. 103 CE), os principios de obxectividade, igualdade, mérito e capacidade (arts. 23.2 e 103 CE, e art. 1 TREBEP), o principio de seguridade xurídica (art. 9.3 CE), que esixe claridade, estabilidade e coherencia na configuración dos postos e na determinación das retribucións complementarias e o principio de negociación colectiva e participación (art. 37 TREBEP), que impón a necesidade de someter a modificación á mesa xeral de negociación en canto afecta as condicións de traballo do persoal.

I. 3º Doutrina xurisprudencial recente

A xurisprudencia do Tribunal Supremo ven consolidando criterios que resultan de aplicación ao presente expediente: A STS 1022/2024, do 10 de xuño, establece que o complemento específico debe limitarse a retribuír o compoñente singular vinculado ao posto, excluíndo factores accesorios ou conxunturais, o que esixe unha valoración obxectiva e técnica axustada á realidade do desempeño.

A STS 6328/2024, do 19 de decembro, subliña que a elaboración ou modificación da RPT non pode delegarse integramente en consultoras externas, sendo a Administración a responsable última de garantir a motivación e adecuación dos criterios retributivos, en cumprimento do art. 9.2 do TREBEP. A STS 902/2014, do 5 de febreiro, recoñece a natureza de acto administrativo plúrimo da RPT e o seu carácter vinculante, resaltando a importancia de asegurar a coherencia e seguridade xurídica na súa aplicación, evitando disfuncións entre o previsto formalmente e a realidade funcional.

Desta xurisprudencia dedúcese a obrigación de actualizar os factores do complemento específico cando estes quedaron desfasados respecto á verdadeira natureza e esixencias dos postos.

II.4º Xustificación da modificación da RPT no Concello de Touro

No caso do Concello de Touro, a modificación da RPT responde á necesidade de axustar a estrutura organizativa real do Concello ao texto de ordenación dos recursos humanos que é a súa relación de postos de traballo tendo en conta que ao abeiro da lei 20/2021 de estabilización de postos no Concello de Touro quedaron postos de natureza estrutural fora da súa RPT, así mesmo de carácter puntual reorganizase algún complemento específico e destino ás condicións reais que actualmente inciden no desempeño dos postos de traballo.

A relación de postos de traballo do Concello de Touro aprobouse definitivamente polo **Pleno da Corporación o 23 de novembro do 2020.**

A configuración vixente da RPT non reflicte adecuadamente as condicións reais dalgúns postos de traballo, cos seguintes **aspectos** a ter en conta: a evolución das funcións e responsabilidades asignadas a determinados postos, o incremento da complexidade técnica e administrativa derivada da

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

aplicación de normativa estatal e autonómica recente e as condicións dalgúns casos que non foron valoradas coa suficiente precisión na RPT anterior.

É dicir, os aspectos reflectidos no parágrafo anterior, entre outros, fan pertinente unha modificación da RPT vixente no Concello de Touro, pero só naquelas cuestións que se consideran necesarias actualizar, mantendo gran parte da estrutura e dos postos existentes sen variacións.

Con esta proposta de modificación da RPT, o Concello de Touro procura garantir a equidade retributiva, a motivación do persoal e a adecuada prestación dos servizos públicos, conforme aos principios constitucionais e legais antes citados.

Así, **todo aquelo que non sexa modificado expresamente neste documento manterase sen cambios.**

Neste punto, é importante salientar que **non estamos ante unha nova RPT.** A actuación proxectada no Concello de Touro non implica a aprobación dunha nova Relación de Postos, senón unha modificación da xa existente, conforme ao previsto no artigo 74 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro), así como na normativa autonómica e local aplicable.

A modificación proposta non altera o sistema de valoración xeral dos postos de traballo aprobado no seu momento. Isto argumentase no mantemento dos mesmos factores de valoración, criterios e ponderacións que conforman a estrutura valorativa da RPT vixente.

Unicamente se procede, con fundamento na eficiencia e adecuación organizativa, á introdución dunha serie de axustes concretos sen afectar o conxunto do sistema. Non se modifica a valoración global e a intervención non afecta á mesma no seu conxunto.

O cadro de equivalencias, a xerarquía e o equilibrio interno das valoracións permanecen inalterados.

Na súa consecuencia, significase que non se produce un cambio estrutural que obrigue a revisar a RPT na súa totalidade. Trátase dunha modificación de carácter parcial e non constitutiva dunha nova relación de postos, de conformidade co establecido pola doutrina e á práctica administrativa. Só a modificación substancial do sistema de valoración ou a alteración xeneralizada dos postos comportaría a necesidade de aprobar unha nova e global RPT.

II. 5º Conclusión

O obxectivo da modificación é dar resposta a unha necesidade concreta de organización e adecuación dos recursos humanos, sen alterar a arquitectura global da RPT. Dende o punto de vista xurídico, a modificación da RPT do Concello de Touro atopa o seu fundamento no caso do Concello de Touro, a modificación da RPT responde á necesidade de axustar a estrutura organizativa real do Concello ao texto de ordenación dos recursos humanos que é a súa relación de postos de traballo tendo en conta que ao abeiro da lei 20/2021 de estabilización de postos no Concello de Touro quedaron postos de natureza estrutural fora da súa RPT, así mesmo de carácter puntual reorganizase algún complemento específico e destino ás condicións reais que actualmente inciden no desempeño dos postos de traballo.

Deste xeito, a presente modificación configúrase como unha actuación que semella necesaria, legalmente esixida e plenamente xustificada para garantir a adecuación, equidade e eficacia da organización administrativa municipal.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

2 **1º Creación de postos de traballo**

A Relación de Postos de Traballo é o instrumento técnico que ordena os recursos humanos municipais conforme aos principios de legalidade, eficacia, estabilidade organizativa e adecuada prestación dos servizos públicos. En base a elo, considerase necesario incorporar á RPT aqueles postos que respondan a necesidades permanentes, vinculadas a competencias propias municipais e a servizos que se prestan de forma ordinaria e continuada.

No Concello de Touro existen prazas de ***Animador/a Cultural, Auxiliar de camión de recollida de residuos e Auxiliar de apoio ao PAI*** que levan anos consignadas no orzamento municipal, o que constitúe un indicio claro de que responden a necesidades permanentes. A coherencia organizativa esixe a súa incorporación formal á RPT, aliñando así a realidade orzamentaria coa estrutura administrativa do Concello e garantindo seguridade xurídica, transparencia e adecuada planificación de recursos humanos.

Coa xustificación anterior, proponse a creación e inclusión na RPT dos postos de: **Animador/a Cultural, Auxiliar de camión de recollida de residuos e Auxiliar de apoio ao PAI** responden a necesidades estruturais consolidadas na organización municipal, non a actuacións conxunturais nin a programas temporais.

A ausencia destes postos comprometería a continuidade, eficacia e calidade de servizos consolidados, xerando disfuncións organizativas e posibles incumprimentos normativos. Por todo iso, os tres postos reúnen os requisitos de permanencia, necesidade obxectiva, integración organizativa e vinculación a competencias propias municipais que xustifican plenamente o seu carácter estrutural e a súa inclusión na Relación de Postos de Traballo do Concello de Touro.

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

FICHAS DE POSTOS

CÓDIGO	04.04.00.01
DENOMINACIÓN	ANIMADOR/A CULTURAL
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE CULTURA,EDUCACIÓN, XUVENTUDE, DEPORTES E EMPREGO
TIPO DE PERSOAL	F/S
ESCALA	A.E (SVS.ESP)
GRUPO	C1
NIVEL	18
FUNCIÓNS	Atención ao público.
	Colaboración na organización e supervisión xeral das actividades e actuacións desenvolvidas polo Departamento, no eido cultural, todo ilo dentro da súa capacitación profesional e baixo as directrices directas da Concellaría responsable.
	Deseñar e participar activa e materialmente, nos programas e actividades, de índole cultural, realizados e promovidos dende o Departamento, no eido da súa capacitación profesional.
	Colaboración na coordinación e vertebración de todas as actividades culturais que se desenvolven dende as diferentes asociacións e agrupacións deste Concello.
	Incentivación e organización da participación veciñal nos programas e/ou actividades culturais do Concello.
	Selección e adquisición de materiais necesarios para o correcto desenvolvemento das actividades.
	Elaboración de informes propios da súa capacitación competencial e profesional.
	Coidado do adecuado mantemento e conservación das instalacións e equipos adscritos ó Departamento, informando puntualmente das deficiencias detectadas.
	Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	TOTAL INCOMPATIBILIDADE

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CÓDIGO	04.01.00.03
DENOMINACIÓN	PERSONAL DO PAI
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE CULTURA,EDUCACIÓN, XUVENTUDE DEPORTES E EMPREGO
TIPO DE PERSOAL	L/S
ESCALA	SEGÚN CONVENIO
GRUPO	III
NIVEL	16
FUNCIÓNS	Atención directa, educativa e asistencial, a nenos/as de tres meses a tres anos de idade.
	Aplicar e desenvolver actividades programadas, empregando os recursos e estratexias metodolóxicas axeitadas.
	Atender e informar aos cidadáns en cuestións educativas da súa competencia.
	Efectuar un seguimento do procesos de aprendizaxe do alumnado.
	Detectar necesidades e formular propostas de mellora na procura dunha mellor xestión do Centro.
	Colaborar na elaboración da memoria anual de actividades relacionados co seu área de traballo.
	Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	TOTAL INCOMPATIBILIDADE

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

CÓDIGO	02.00.00.05
DENOMINACIÓN	AUXILIAR CAMIÓN RECOLLIDA DE RESIDUOS
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS
TIPO DE PERSOAL	L/S
ESCALA	SEGUNDO CONVENIO
GRUPO	V
NIVEL	12
FUNCIÓNS	Realizar as operacións necesarias no servizo de recollida, facilitando a descarga dentro do recolector de carga traseira dos elementos de contenerización.
	Realizar a recollida dos residuos sen elementos de contención cumprindo cos criterios de recollida selectiva.
	Levar a cabo as operacións necesarias para a recollida de voluminosos (mobles, electrodomésticos, colchóns, sofás, aparellos eléctricos etc) lavado dos elementos de contenerización en carga posterior e movementos de contedor.
	Recollida periódica de residuos mal abandonados na vía pública ou que se depositaron fóra dos contedores.
	Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	TOTAL INCOMPATIBILIDADE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

VALORACIÓN DE POSTOS:

Acorde aos criterios do Manual de valoración da RPT aprobada polo Concello de Touro, o desglose as puntuacións propostas para estes postos é o seguinte:

DENOMINACIÓN	RESPONSABILID.			D. TEC	ADIC.	INC.	PER	PEN	PTOS.	REDOND.
ANIMADOR CULTURAL	RE. O PTOS.	DIR. PTOS.	REL.O PTOS.							
	60	9	54	148	13	5	5	21	315	325

DENOMINACIÓN	RESPONSABILID.			D. TEC	ADIC.	INC.	PER	PEN	PTOS.	REDOND.
AUXILIAR CAMIÓN RECOLLIDA DE RESIUDOS	RE. O PTOS.	DIR. PTOS.	REL.O PTOS.							
	15	9	18	37	13	5	10	56	163	175

DENOMINACIÓN	RESPONSABILID.			D. TEC	ADIC.	INC.	PER	PEN	PTOS.	REDOND.
PERSONAL DE APOIO PAI	RE. O PTOS.	DIR. PTOS.	REL.O PTOS.							
	15	9	18	74	13	5	5	28	167	175

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

2 Transformación de postos de traballo

01. DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL

Na actualidade o posto Cód. 01.000.00.01 atópase actualmente vacante e configurado como Administrativo Xefe de Unidade; atendendo ás necesidades organizativas do servizo, considérase máis adecuado dispoñer dun posto de Administrativo de carácter singularizado que asuma especificamente as funcións de xestión de nóminas e apoio en materia de contabilidade, en colaboración directa con Secretaría-Intervención.

A natureza técnica e especializada destas tarefas, así como a carga de traballo existente na área económica-administrativa, fan conveniente contar cun posto administrativo de carácter singular denominado **Administrativo/a de asuntos económicos** que garanta unha xestión adecuada das nóminas, o apoio na contabilidade municipal e o correcto funcionamento dos procedementos administrativos vinculados a estas materias. Por iso, proponse a adecuación do posto ás necesidades reais do servizo, configurándoo como Administrativo de carácter singularizado adscrito á área de Secretaría-Intervención.

Dito posto terá as seguintes características funcionais e retributivas:

CÓDIGO	01.01.00.01
DENOMINACIÓN	ADMINISTRATIVO DE ASUNTOS ECONÓMICOS
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE SECRETARIA-INTERVENCIÓN E RÉXIME INTERNO
TIPO DE PERSOAL	F/S
ESCALA	A.X.(ADMTVO)
GRUPO	C1
NIVEL	22
	Xestión das facturas recibidas no punto xeral de entrada de facturas electrónicas FACe. Recepción de facturas dende FACe e traslado ao sistema de xestión económica.
	Introdución de datos contables, redacción de listas contables e documentos deste estilo, etc. Todo elo segundo os modelos e seguindo as instrucións dadas polo titular de Secretaría-Intervención.
	Realizar operacións concretas como cumprimentar impresos; efectuar, verificar ou comprobar liquidacións; levar a cabo cálculos de complexidade media, asentos de contabilidade, arqueos, control de existencias, vales..etc.
	Colaborar na emisión de informes e propostas que en materia de xestión contable lle foron solicitadas polo seu superior xerárquico.
	Tramitar a confección da nómina, seguros sociais e comunicar as declaracións fiscais de IRPF do persoal municipal.
	Realizar liquidacións que leven consigo operacións de cálculo sinxelo.
	Realizar a introdución, corrección e validación de datos nas ferramentas de traballo empregadas no seu ámbito de actuación.
	Procura, rexistro, clasificación, copia e arquivo de documentos, libros..etc.
	Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

OBSERVACIÓNS	TOTAL INCOMPATIBILIDADE

O desglose de puntuación proposto para este posto é o seguinte:

DENOMINACIÓN	RESPONSABILID.			D. TEC	ADIC.	INC.	PER	PEN	PTOS.	REDOND.
ADMTVO ASUNTOS ECONÓMICOS	RE. O PTOS.	DIR. PTOS.	REL.O PTOS.							
	120	9	72	259	130	5	5	56	656	**675**

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

02. DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS

As modificacións propostas neste Departamento responden á necesidade de adaptar a estrutura do persoal á realidade actual do Departamento de Obras e Servizos, que experimentou cambios no seu funcionamento e organización durante os últimos anos.

Estas adecuacións permitirán mellorar a planificación, coordinación e distribución dos traballos, optimizando o aproveitamento dos recursos humanos dispoñibles e facilitando unha xestión máis eficiente do servizo. Deste xeito, preténdese axustar a estrutura necesidades reais do departamento, contribuíndo a unha maior eficacia na prestación dos servizos municipais.

1. Actualmente se encontra ***vacante un posto como Operario servizos***, ante unha modificación de RPT as necesidades organizativas do servizo poñen de manifesto a conveniencia de contar cun Encargado que asuma funcións de coordinación e organización do persoal, tanto do persoal permanente como do persoal temporal que se incorpora ao concello de forma non continuada a través de distintos programas ou contratacións.

A existencia de persoal que se integra periodicamente nos servizos municipais fai necesario dispoñer dunha figura responsable de planificar, distribuír e supervisar os traballos, garantindo unha correcta organización das tarefas e unha maior eficiencia na prestación dos servizos municipais.

Por iso, proponse transformar o posto de Peón nunha posto de categoría superior como Encargado, con funcións de coordinación do persoal adscrito á área correspondente, cuxa forma de provisión proponse que sea no seu momento promoción interna buscando a promoción profesional dos traballadores do Concello.

Dito posto terá as seguintes características funcionais e retributivas:

CÓDIGO	02.00.00.01
DENOMINACIÓN	ENCARGADO/A DE OBRAS E SERVIZOS
ÁREA DE ASCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS
TIPO DE PERSOAL	L/S
ESCALA	
GRUPO	IV
NIVEL	16
FUNCIÓNS	Asumir a supervisión directa e operativa da actividade do Departamento.
	Supervisar e organizar o traballo do persoal adscrito.
	Realizar o seguimento das actuacións materiais deste Departamento, supervisando e coordinando as mesmas con outras Unidades ou Departamento cando sexa preciso.
	Colaborar e participar activamente nas actuacións materiais do Departamento, realizando tarefas propias da súa capacitacións profesional.
	Coidado do perfecto mantemento do equipo empregado no seu ámbito de traballo.
	Dar conta ó superior xerárquico de calquera incidencia ou necesidade que poida xurdir.
	Realizar informes preceptivos, dentro do seu eido competencia e profesional, e relativos ás materias propias do departamento.
	Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	TOTAL INCOMPATIBILIDADE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

O desglose de puntuación proposto para este posto é o seguinte:

DENOMINACIÓN	RESPONSABILID.			D. TEC	ADIC.	INC.	PER	PEN	PTOS.	REDOND.
ENCARGADO/A	RE. O PTOS.	DIR. PTOS.	REL.O PTOS.							
	90	9	45	111	130	5	50	70	510	525

2. Proponse incrementar unha praza de ***Condutor de tractor*** pasando de 1 a 2 coas mesmas condicións funcionais e retributivas que a praza existente na RPT.

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

03. DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS

As modificacións propostas neste Departamento responden á necesidade de adaptar a estrutura do persoal á realidade actual do Departamento de Servizos sociais, estas adecuacións permitirán mellorar a planificación, coordinación e distribución dos traballos, optimizando o aproveitamento dos recursos humanos dispoñibles e facilitando unha xestión máis eficiente do servizo. Deste xeito, preténdese axustar a estrutura as necesidades reais do departamento, contribuíndo a unha maior eficacia na prestación dos servizos municipais.

1. Proponse a transformación dunha praza vacante de Auxiliar Administrativo do Departamento de Secretaria Intervención (Cód.01.01.00.03) por unha segunda praza de ***Traballador/a Social*** no Concello de Touro xustificado nunha necesidade estrutural derivada do incremento e crecente complexidade da demanda no ámbito dos servizos sociais municipais.

O envellecemento da poboación, o aumento de situacións de dependencia, vulnerabilidade económica e necesidades de apoio familiar xeraron un volume de traballo que supera a capacidade de atención dun único profesional. Os servizos sociais constitúen unha competencia propia municipal e un servizo público esencial que debe prestarse de forma continuada, eficaz e con garantía de calidade.

A existencia dunha soa traballadora social limita a capacidade de resposta, pode xerar demoras na tramitación de expedientes e dificulta a atención individualizada que requiren moitas intervencións sociais.

Así mesmo, a ampliación do equipo técnico (2 traballador/a e 1 Educador/a) permite asegurar a continuidade do servizo ante ausencias, vacacións ou situacións de incapacidade temporal, evitando a paralización de expedientes urxentes como axudas de emerxencia, valoracións sociais ou informes preceptivos en distintos procedementos administrativos.

A incorporación dunha segunda praza (coas mesmas condicións retributivas que a praza existente na RPT) non só responde á necesidade de atender o volume actual de expedientes, senón tamén a reforzar a dimensión preventiva e comunitaria dos servizos sociais, permitindo así con esta medida reforzar: a atención directa a cidadanía o traballo de campo e as persoas dependentes incluídas no programa de Axuda no fogar.

2. A praza de ***Auxiliar de Servizos Sociais,*** actualmente configurada como persoal laboral, vén desempeñando non só funcións propias da área social, senón tamén tarefas habituais e permanentes de rexistro, tramitación administrativa e apoio directo a Secretaría. Esta realidade funcional pon de manifesto que o contido efectivo do posto evolucionou cara a labores propios da estrutura administrativa xeral do Concello.

En consecuencia, considérase adecuada a súa reasignación mediante a correspondente modificación da RPT á Unidade de Administración Xeral, coa configuración dun posto de Auxiliar Administrativo/a de natureza funcionarial. Esta adaptación xustifícase nos seguintes fundamentos:

Adecuación ás funcións realmente desempeñadas. As tarefas de rexistro de entrada e saída, tramitación de expedientes, xestión documental e apoio administrativo xeneral constitúen funcións administrativas ordinarias, integradas no núcleo da actividade municipal común.

Exercicio de funcións vinculadas a potestades públicas. As actuacións relacionadas con rexistro, tramitación formal de procedementos e apoio a Secretaría forman parte do procedemento administrativo e do exercicio de funcións públicas, que deben ser desempeñadas por persoal funcionario conforme á normativa de función pública.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Coherencia organizativa. Se o posto desenvolve de forma habitual tarefas adscritas á Administración Xeral, resulta máis racional integralo formalmente na devandita unidade, evitando desaxustes entre a adscrición orgánica e o contido funcional.

Seguridade xurídica. A configuración como posto funcionarial reforza a adecuación normativa do desempeño de funcións administrativas esenciais, garantindo maior estabilidade e encaixe xurídico na estrutura municipal. En quinto lugar, por correcta planificación da RPT.

A Relación de Postos de Traballo debe reflectir a realidade organizativa e funcional do Concello. A reatribución permite aliñar a clasificación do posto coas súas funcións efectivas, mellorando a claridade estrutural e a racionalidade na ordenación de recursos humanos.

Polo anterior, procede valorar a modificación da RPT para reasginar a actual praza de Auxiliar de Servizos Sociais (laboral) á Unidade de Administración Xeral, configurándoa como Auxiliar Administrativo/a Funcionario/a, coas características propias dos postos funcionariais do seu grupo e subgrupo de clasificación C2 18; incluíndo a observación de posto ocupado por persoal laboral ata a súa funcionarización. Dita praza contará coas mesmas condicións retributivas que as vixentes na RPT actual.

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

04. DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN, XUVENTUDE, DEPORTES E EMPREGO

04.01. UNIDADE DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA

De conformidade co disposto no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de atención á primeira infancia na Comunidade Autónoma de Galicia, así como na normativa autonómica vixente en materia de autorización e funcionamento dos Puntos de Atención á Infancia (PAI), a persoa que desempeñe a Dirección do centro deberá estar en posesión de titulación universitaria oficial relacionada coa educación infantil, o persoal que desempeñe funcións de atención directa a menores deberá estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións oficiais: Grao ou Diplomatura en Educación Infantil ou título de Mestre/a con a especialidade en Educación Infantil;Técnico Superior en Educación Infantil (Formación Profesional de Grao Superior) ou Outras titulacións declaradas equivalentes pola normativa educativa vixente.

Por unha banda o posto que desempeña funcións de Dirección de obrigado cumprimento ao abeiro da normativa Decreto 329/2005 na actualidade non ten recoñecido no seu complemento específico o desenvolvemento de ditas funcións, polo que se propón a modificación do seu complemento específico para adaptalo ao nivel de responsabilidade e dedicación que exixe o correcto desempeño deste posto de traballo.

O desglose de puntuación proposto para a coordinación do PAI é o seguinte:

DENOMINACIÓN	RESPONSABILID.			D. TEC	ADIC.	INC.	PER	PEN	PTOS.	REDOND.
ENCARGADO/ A PAI	RE. O PTOS.	DIR. PTOS.	REL.O PTOS.							
	90	9	63	148	26	5	5	21	337	350

Por outra banda, en relación cos postos adscritos neste momento á ***Unidade de Atención á Infancia*** previstos na actual RPT do Concello de Touro, constátase que a clasificación vixente non esixe a titulación específica requirida pola normativa autonómica reguladora dos centros de atención á primeira infancia, particularmente o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, e demais disposicións de desenvolvemento.

Dita circunstancia xera unha desalineación entre a configuración formal dos postos e os requisitos legais esixidos para o desempeño de funcións educativas e, no seu caso, de dirección do centro.

Co fin de garantir o pleno cumprimento da normativa aplicable e, ao mesmo tempo, favorecer a estabilidade e a promoción profesional do persoal actualmente adscrito a Unidade , proponse proceder á modificación da RPT mediante a apertura dos grupos profesionais dos postos afectados, permitindo a súa adaptación progresiva ás titulacións esixidas, tal e como segue:

Auxiliar apoio PAI GRUPO III/IV

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Anexo I. Relación de Postos de Traballo:

As Relacións de postos de traballo son unha consecuencia da potestade de autoorganización das Administracións locais, recoñecida no artigo 4.1.a da Lei 7/1985 de bases de réxime local, potestade baseada, no que ós recursos humanos se refire, na discrecionalidade que ten a administración local para configurar unha organización adaptada ás necesidades presentes e futuras.

As RPT son o instrumento técnico a través do cal realízase a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos e onde precísanse os requisitos para o desempeño de cada posto de traballo así como a súas características retributivas.

A Relación de Postos de Traballo (RPT) proposta a continuación para o Concello de Touro aborda unha reordenación funcional e orgánica dos postos de traballo do Concello e melloras que, en consonancia coa lexislación vixente, poidan permitir unha mellor prestación dos servizos ós cidadáns, e á súa vez, unha máis sinxela e óptima xestión dos recursos.

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

RPT CONCELLO DE TOURO (POSTOS RESERVADOS A PERSOAL FUNCIONARIO)

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO	CORPO ESCALA CATEGORIA	GRUPO	NIVEL	C.E. (14 pagas)	PROV.	R.N.	TITULACIÓN*	FORMACIÓN ESPECÍFICA*	AD M.	OBSERVACIÓNS
01. DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN E RÉXIME INTERNO												
01.00.00.01	SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A	F	H.N. (SECRETARÍA-INTERVENCIÓN)	A1	29	22.443,98 €	C	R.N.	GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE		A. E.	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE E DEDICACIÓN TOTAL INCOMPATIBILIDADE
	01.01. UNIDADE DE ADMINISTRACIÓN XERAL E APOIO A SECRETARÍA											
01.01.00.01	ADMINISTRATIVO DE ASUNTOS ECONÓMICOS	F	A.X. (ADTVA.)	C1	22	9.877,44 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A. L.	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE E DEDICACIÓN
01.01.00.02	ADMINISTRATIVO/A	F	A.X. (ADTVA.)	C1	20	7.488,25 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A. L.	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE E DEDICACIÓN

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

01.01.00.03	AUXILIAR ADMINISTRATIVO / A	F	A.X. (AUXILIAR)	C2	18	5.118,16 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A. L.	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE E DEDICACIÓN
01.01.00.04	AUXILIAR ADMINISTRATIVO / A	F	A.X. (AUXILIAR)	C2	18	5.118,16 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A. L.	POSTO OCUPADO POR PERSOAL LABORAL A FUNCIONARIO.
01.01.00.05	ALGUACIL-PORTEIRO	F	A.X. (SUBALTERNA)	A.P.	14	6.683,25 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESCOLARIDAD E OU EQUIVALENTE		A. L.	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE E DEDICACIÓN. A EXTINGUIR
03. DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS												
03.00.00.01	TRABALLADOR/A SOCIAL	F	A.E. (TÉCNICA)	A2	23	5.940,63 €	C	U.E.	GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE	Estar en posesión da titulación de grao en Traballo Social	A. L.	
03.00.00.02	TRABALLADOR/A SOCIAL	F	A.E. (TÉCNICA)	A2	23	5.940,63 €	C	U.E.	GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE	Estar en posesión da titulación de grao en Traballo	A. L.	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

										Social		
03.00.00.03	EDUCADOR/A SOCIAL	F	A.E. (TÉCNICA)	A2	23	5.569,20 €	C	U.E.	GRAO UNIVERSITARI O OU EQUIVALENTE	Estar en posesión da titulación de grao en Educació n Social	A. L.	
04. DEPARTAMENTO DE CULTURA, EDUCACIÓN, XUVENTUDE, DEPORTES E EMPREGO												
	04.04. UNIDADE DE CULTURA											
04.04.00.01	ANIMADOR/A SOCIO CULTURAL	F	A.E. (SVS ESP.)	C1	18	4.386,99 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A. L.	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE E DEDICACIÓN

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

RPT CONCELLO DE TOURO (POSTOS RESERVADOS A PERSOAL LABORAL)

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIP O	CORPO ESCALA CATEGORIA	GRU PO	SUMA RETRIBUCIÓNS COMPLEMENTA-RIAS (14 pagas)	PRO V.	R.N.	TITULACIÓN*	FORMACIÓN ESPECÍFICA *	AD M.	OBSERVACIÓNS
02. DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS											
02.00.00.01	ENCARGADO /A DE OBRAS E SERVIZOS	L	SEGUNDO CONVENIO	IV	13.618,06€	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE E DEDICACIÓN PERMISO DE CONDUCIR C CAP
02.00.00.02	CONDUTOR TRACTOR	L	SEGUNDO CONVENIO	V	13.033,72 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE OU EQUIVALENTE		A.L.	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE E DEDICACIÓN PERMISO DE CONDUCIR C CAP

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

02.00.00.03	CONDUTOR ENCARGADO CAMIÓN LIXO	L	SEGUNDO CONVENIO	V	10.813,60 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE OU EQUIVALENTE		A.L.	PERMISO DE CONDUCIR C CAP
02.00.00.04	CONDUTOR TRACTOR	L	SEGUNDO CONVENIO	V	13.033,72 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE OU EQUIVALENTE		A.L.	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE E DEDICACIÓN PERMISO DE CONDUCIR C CAP
02.00.00.05	AUXILIAR CAMIÓN LIXO	L	SEGUNDO CONVENIO	V	7.081,20 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE OU EQUIVALENTE		A.L.	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE E DEDICACIÓN

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

03. DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS											
03.00.00.04	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	L	SEGUNDO CONVENIO	V	7.081,20 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE OU EQUIVALENTE		A.L.	
04. DEPARTAMENTO DE CULTURA, EDUCACIÓN, XUVENTUDE, DEPORTES E EMPREGO											
	04.01. UNIDADE DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA										
04.01.00.01	ENCARGADO/A PAI	L	SEGUNDO CONVENIO	III	11.725,70	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	ESPECIAL DEDICACIÓN E RESPONSABILIDADE
04.01.00.02	PERSONAL APOIO PAI	L	SEGUNDO CONVENIO	III/IV	8.633,94 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	
04.01.00.03	PERSONAL APOIO PAI	L	SEGUNDO CONVENIO	III	8.633,94 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

	04.02. UNIDADE DE DEPORTES										
04.02.00.01	ANIMADOR/A DEPORTIVO	L	SEGUNDO CONVENIO	III	8.264,06 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	
	04.03. UNIDADE DE PROMOCIÓN ECONÓMICA										
04.03.00.01	ADEL	L	SEGUNDO CONVENIO	II	14.773,92 €	C	U.E.	GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE		A.L.	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Abreviaturas empregadas:

Tipo:
L: Posto reservado a persoal laboral
F: Posto reservado a persoal funcionario
E: Posto reservado a persoal eventual

Corpo/Escala ou categoría:
A.X: Escala de Administración xeral
A.E: Escala de Administración especial
H.N: Escalas de Habilitación Nacional
Segundo Convenio: No caso do persoal laboral, segundo convenio de aplicación.

Prov.: Forma de provisión:
C: Concurso
L: Libre designación

Reserva Nacional:
R.N: Posto reservado a persoas ou nacionalidade española
U.E.: Unión Europea

Titulación:
Recóllese a titulación mínima esixida

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Formación Específica*
Recoméndase a súa determinación con carácter previo á provisión dos postos

Administración:
A.L.: Posto reservado a empregados propios da administración local
A.E.: Posto reservado a funcionarios con habilitación de carácter estatal

Observacións:
Especial dispoñibilidade e dedicación: Sinala os postos que, polas súas características, recoméndase teñan total dispoñibilidade e dedicación.
Total incompatibilidade: Sinala os postos que, polas súas características, recoméndase teñan total incompatibilidade.
A funcionarizar: Recoméndase a funcionarización dos postos sinalados.
Xornada a tempo parcial: Sinala os postos que non prestarán servizo a xornada completa.

Tras a quenda de intervencións procedeuse á votación da Moción

VOTACIÓNS

A proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Touro resultou aprobada pola maioría absoluta, con seis votos a favor (5 concelleiros do PP e o concelleiro non adscrito), a abstención do concelleiro do BNG e o voto en contra dos tres concelleiros de MVXT e o concelleiro do PG, sendo once o número legal de membros da Corporación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

4 EXPEDIENTE 2026/T002/000012. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS PRIMEIRA BAIXO A MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO. APROBACIÓN.

Por parte do Sr. Alcade procedeuse a explicar a proposta contida no expediente co seguinte tenor literal:

ANTECEDENTES

1. O 1 de xullo de 2026 por parte do Sr. alcalde asinouse a seguinte proposta de alcaldía remitida aos once Concelleiros que forman parte da Comisión de Asuntos Xerais para tratar o asunto na sesión da citada Comisión a celebrar o vindeiro lun 6 de xullo de 2026 na que se propoñía:

PRIMEIRO. *Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2026/T002/000012 do orzamento en vigor, segundo baixo a modalidade de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría para gastos xerais, por un importe total de 125.234,70 €.*

Os importes aplicados aos diferentes destinos, con base no informe de Intervención, son:

Altas en aplicacións de gastos:

Proxecto e Partida orzamentaria	***Descrición***	***Importe modificación***
Partida 171.61900	*Parque infantil agility e bikepark no Concello de Touro. Servizos públicos básicos, medio ambiente, parques e xardíns. Inversións reais, outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.*	*27.267,07 €*
Partida 2312.625	*Mellora do parque exterior de do Punto de Atención á Infancia. Actuacións de protección e promoción social, acción social. Inversións reais, inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos, mobiliario.*	*49.571,41 €*
Partida 450.639	*Proxecto de reforma da instalación eléctrica do complexo deportivo e cultural do Concello. Actuacións de carácter económico, administración xeral de infraestruturas. Inversións reais, outras inversións de reposición asociadas ao funcionamento operativo dos servizos.*	*48.396,22 €*

Financiación

Concepto	***Denominación***	***Importe modificación***
87000	*Activos financieiros, remanente de tesouraría para gastos xerais.*	*125.234,70 €*

SEGUNDO. *Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas; e se aprobe a concertación da operación de préstamo e se proceda a súa adxudicación, que financia a citada modificación.*

TERCEIRO. *O acordo de aprobación definitiva e o resumo por capítulos da modificación de créditos publicarase no Boletín Oficial da Provincia.*

2. O 2 de xullo de 2026 por parte do Sr. alcalde asinouse a seguinte proposta de alcaldía remitida aos once Concelleiros que forman parte da Comisión de Asuntos Xerais para tratar o asunto na sesión da citada Comisión a celebrar o vindeiro lun 6 de xullo de 2026 na que se propoñía:

Resulta que o 2 de xullo de 2026 ten entrada a través do Notifica da Xunta de Galicia a Resolución da Dirección Xeral de Administración Local de 1 de xullo de 2026 na que se concede ao Concello de Touro

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

unha axuda por importe de 32.000,00 € para a "Instalación de ascensor eficiente na Casa do Concello", ao abeiro da Orde do 16 de xaneiro de 2026 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación ambiental para o ano 2026. O proxecto básico presentado polo Concello xunto coa solicitude de subvención ascende a 59.128,11 euros, o que supón que o Concello teña que aportar con recursos propios 27.128,11 €, polo que resulta necesario suplementar o crédito para proceder a licitación e execución do citado proxecto.

Así a proposta que se presenta ao Pleno para a súa aprobación é a seguinte:

***PRIMEIRO.** Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2026/T002/000012 do orzamento en vigor, segundo baixo a modalidade de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría para gastos xerais, por un importe total de 266.967,60 €.*

Os importes aplicados aos diferentes destinos, con base no informe de Intervención, son:

Altas en aplicacións de gastos:

Proxecto e Partida orzamentaria	***Descrición***	***Importe modificación***
Partida 171.61900	*Parque infantil agility e bikepark no Concello de Touro. Servizos públicos básicos, medio ambiente, parques e xardíns. Inversións reais, outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.*	*27.267,07 €*
Partida 2312.62500	*Mellora do parque exterior de do Punto de Atención á Infancia. Actuacións de protección e promoción social, acción social. Inversións reais, inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos, mobiliario.*	*49.571,41 €*
Partida 338.61900	*Instalación de cubrecontenedores e mellora da accesibilidade do campo da festa. Produción de bens públicos de carácter preferente, cultura, festas populares e festexos. Inversións reais, outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.*	*114.604,79 €*
Partida 450.63900	*Proxecto de reforma da instalación eléctrica do complexo deportivo e cultural do Concello. Actuacións de carácter económico, administración xeral de infraestruturas. Inversións reais, outras inversións de reposición asociadas ao funcionamento operativo dos servizos.*	*48.396,22 €*
Partida 920.62200	*Instalación de ascensor eficiente na Casa Consistorial. Actuacións de carácter xeral, servizos de carácter xeral, administración xeral. Inversións reais, inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos. Edificios e outras construcións.*	*27.128,11 €*

Financiación

Concepto	***Denominación***	***Importe modificación***
87000	*Activos financieiros, remanente de tesouraría para gastos xerais.*	*266.967,60 €*

***SEGUNDO.** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas; e se aprobe a concertación da operación de préstamo e se proceda a súa adxudicación, que financia a citada modificación.*

***TERCEIRO.** O acordo de aprobación definitiva e o resumo por capítulos da modificación de créditos publicarase no Boletín Oficial da Provincia.*

3. O 6 de xullo celebrouse a Comisión informativa de asuntos xerais, onde por parte do Sr. Alcalde se explicou a necesidade incluír no expediente de modificación, a adquisición da parcela 15086A001000570000IW cunha superficie de 1.743 m2 no núcleo urbano de Fonte Díaz, constando unha valoración por parte dos servizos urbanísticos municipais de 49.966,59 €, para completar a adquisición das

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

parcelas anexas á Casa Consistorial para a finalidade da prestacións dos servizos públicos previstos nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local.

Ao abeiro de todo o anterior, proponse:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2026/T002/000012 do orzamento en vigor, segundo baixo a modalidade de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría para gastos xerais, por un importe total de 316.934,19 €.

Os importes aplicados aos diferentes destinos, con base no informe de Intervención, son:

Altas en aplicacións de gastos:

Proxecto e Partida orzamentaria	Descrición	Importe modificación
Partida 171.61900	Parque infantil agility e bikepark no Concello de Touro. Servizos públicos básicos, medio ambiente, parques e xardíns. Inversións reais, outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	27.267,07 €
Partida 2312.62500	Mellora do parque exterior de do Punto de Atención á Infancia. Actuacións de protección e promoción social, acción social. Inversións reais, inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos, mobiliario.	49.571,41 €
Partida 338.61900	Instalación de cubrecontenedores e mellora da accesibilidade do campo da festa. Produción de bens públicos de carácter preferente, cultura, festas populares e festexos. Inversións reais, outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	114.604,79 €
Partida 450.60000	Adquisición de parcela 15086A001000570000IW no núcleo urbano de Fonte Díaz. Actuacións de carácter económico, administración xeral de infraestruturas. Inversións reais, inversión nova en infraestrutura e bens destinados ao uso xeral, investimentos en terreos.	49.966,59 €
Partida 450.63900	Proxecto de reforma da instalación eléctrica do complexo deportivo e cultural do Concello. Actuacións de carácter económico, administración xeral de infraestruturas. Inversións reais, outras inversións de reposición asociadas ao funcionamento operativo dos servizos.	48.396,22 €
Partida 920.62200	Instalación de ascensor eficiente na Casa Consistorial. Actuacións de carácter xeral, servizos de carácter xeral, administración xeral. Inversións reais, inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos. Edificios e outras construcións.	27.128,11 €

Financiación

Concepto	Denominación	Importe modificación
87000	Activos financieiros, remanente de tesouraría para gastos xerais.	316.934,19 €

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas; e se aprobe a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

concertación da operación de préstamo e se proceda a súa adxudicación, que financia a citada modificación.

TERCEIRO. O acordo de aprobación definitiva e o resumo por capítulos da modificación de créditos publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

Tras a quenda de intervencións procedeuse á votación da proposta

VOTACIÓNS

A proposta de de modificación de créditos primeira baixo a modalidade de suplemento de crédito resultou aprobada pola maioría absoluta, con seis votos a favor (5 concelleiros do PP e o concelleiro non adscrito), a abstención do concelleiro do BNG e o voto en contra dos tres concelleiros de MVXT e o concelleiro do PG, sendo once o número legal de membros da Corporación**.**

5 EXPEDIENTE 2026/X006/000118. CALENDARIO LABORAL ANO 2027. APROBACIÓN PROPOSTA FIXACIÓN FESTIVOS LOCAIS.

ANTECEDENTES

- O 2 de xullo de 2026, publicouse no DOG núm. 122 o Decreto 68/2026, do 15 de xuño, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2027 onde consta :

De non se producir modificacións no calendario laboral de carácter estatal, as festas laborais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2027 serán as seguintes:

1 de xaneiro Aninovo

6 de xaneiro Epifanía do Señor (día de Reis)

19 de marzo San Xosé

25 de marzo Xoves Santo

26 de marzo Venres Santo

1 de maio Festa do Traballo

17 de maio Día das Letras Galegas

12 de outubro Festa Nacional de España

1 de novembro Todos os Santos

6 de decembro Día da Constitución Española

8 de decembro Inmaculada Concepción

25 de decembro Natividade do Señor

As festas mencionadas terán carácter obrigatorio e non recuperable.

- O 6 de xullo tivo entrada no rexistro do Concello escrito remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración onde consta de xeito textual o seguinte:

Co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que nese concello teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, e ditar a correspondente resolución, solicítolle que envíe a proposta do pleno ou do órgano competente, na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable dese termo municipal para o vindeiro ano 2027, que deberá remitir a este departamento territorial antes do día 1 de setembro de 2026.

Advírtese que, para o caso de non formular proposta ou non remitila antes da dita data, entenderase que optan polas fixadas para o ano 2026 ou para o último exercicio do que se teña constancia de proposta.

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. Propoñer como festivos locais do Concello de Touro do calendario laboral de 2027:

- 6 de abril, luns de Pascua.
- 24 de xuño, San Xoan.

SEGUNDO. Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Sen que se produciran intervencións procedeuse á votación da proposta

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

VOTACIÓNS

A proposta de fixación de festivos locais do calendario laboral ano 2027 resultou aprobada pola unanimidade dos once concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, o concelleiro do PG, o concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito).

II PARTE DE CONTROL

6 EXPEDIENTE 2026/G006/000149. DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS ENTRE O 8 DE XUÑO E O 5 DE XULLO DE 2026.

ANTECEDENTES

Decretos da Alcaldía ditados entre o 8 de xuño e o 5 de xullo de 2026.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. O Pleno do concello toma coñecemento sucinto dos Decretos da Alcaldía ditados entre o 8 de xuño e o 5 de xullo de 2026.

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2026/G003/000219	EXPEDIENTE 2026/G007/000011. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 9 de xuño de 2026	208/2026	08-06-2026
2026/G003/000218	EXPEDIENTE 2026/G010/000007. Pleno sesión ordinaria 11 de xuño de 2026. Convocatoria.	209/2026	08-06-2026
2026/G003/000223	EXPEDIENTE 2026/V006/000007. Solicitude de renovación de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.	210/2026	10-06-2026
2026/G003/000222	EXPEDIENTE 2026/V006/000006. Solicitude de renovación de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.	211/2026	10-06-2026
2026/G003/000221	EXPEDIENTE 2025/E001/000007. Selección de persoal laboral temporal por substitución do operario auxiliar do camión do lixo. Formalización do contrato.	212/2026	10-06-2026
2026/G003/000220	EXPEDIENTE 2026/E001/000004. Proceso de selección para a contratación de persoal dun/ha técnico/a informador/a turístico/a. Formalización contrato e constitución bolsa de traballo	213/2026	10-06-2026
2026/G003/000224	EXPEDIENTE 2026/V006/000008. Solicitude de renovación de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.	214/2026	10-06-2026
2026/G003/000225	EXPEDIENTE 2026/E001/000006. Proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro da subvención para o fomento do emprego no medio rural (Programa Suma Talento Rural Activo). Lista de persoas admitidas e excluídas, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección	215/2026	10-06-2026
2026/G003/0000229	EXPEDIENTE 2026/S002/000035. Revisión anual Servizo Axuda no Fogar	216/2026	10-06-2026
2026/G003/0000228	EXPEDIENTE 2026/S002/000043. Revisión anual Servizo Axuda no Fogar	217/2026	10-06-2026
2026/G003/0000227	EXPEDIENTE 2026/S002/000033. Revisión anual Servizo Axuda no Fogar	218/2026	10-06-2026
2026/G003/0000226	EXPEDIENTE 2026/S002/000039. Revisión anual Servizo Axuda no Fogar	219/2026	10-06-2026
2026/G003/0000231	EXPEDIENTE 2026/S002/000045. Alta Servizo Axuda no Fogar	220/2026	11-06-2026
2026/G003/0000230	EXPEDIENTE 2026/X006/000032. Autorización II Quedada Moteira, o día 13 de xuño de 2026.	221/2026	11-06-2026

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

2026/G003/0000233	EXPEDIENTE 2026/S002/000049. Alta Servizo Axuda no Fogar dependencia	222/2026	11-06-2026
2026/G003/0000232	EXPEDIENTE 2026/S002/000048. Baixa Servizo Axuda no Fogar	223/2026	11-06-2026
2026/G003/0000234	EXPEDIENTE 2026/T002/000011. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos. Axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, á recuperación e á rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na Rede Natura 2000, nos parques naturais e nas reservas da biosfera de Galicia.	224/2026	12-06-2026
2026/G003/0000239	EXPEDIENTE 2026/E001/000008. Procedemento de selección Obradoiro Dual de Emprego “TouroBoimorto-O Pino. Nomeamento do persoal diretivo, docente e de apoio e contratación das persoas-alumnas traballadoras.	225/2026	15-06-2026
2026/G003/0000237	EXPEDIENTE 2026/A008/000030. Solicitude para o uso de instalacións xuvenís para a realización de programas de lecer educativo e tempo libre durante a campaña de verán 2026 (Xunta de Galicia). Pago 75 % final.	226/2026	15-06-2026
2026/G003/0000236	EXPEDIENTE 2026/E001/000005. Selección de persoal laboral temporal, mediante concurso, dun/ha traballador/a social. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) para o financiamento do POS+ Adicional 1/2026 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026. Formalización do contrato.	227/2026	15-06-2026
2026/G003/0000235	EXPEDIENTE 2026/X006/000100. Horario verán.	228/2026	15-06-2026
2026/G003/0000241	EXPEDIENTE 2026/E001/000006. Proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro da subvención para o fomento do emprego no medio rural (Programa Suma Talento Rural Activo). Formalización do contrato.	229/2026	16-06-2026
2026/G003/0000244	EXPEDIENTE 2026/G003/000244. Asistencias por participacións en tribunais de selección.	230/2026	17-06-2026
2026/G003/0000243	EXPEDIENTE 2025/I002/000025. Limpeza de fincas para prevención de incendios forestais no Lg. As Casas Novas, Loxo. Referencia Catastral 15086A517003520000UE.	231/2026	17-06-2026
2026/G003/0000242	EXPEDIENTE 2025/E005/00005. Revisión do nivel de complemento de destino Cristina Andújar Garrido. Abono retribucións conforme á DT 6ª da Real Decreto-lei 6/2023 do 18 de decembro, RDL 6/2023.	232/2026	17-06-2026
2026/G003/0000247	EXPEDIENTE 2024/C004/000002. Contrato de servizos de socorrismo acuático e mantemento das piscinas municipais do Concello de Touro na tempada de verán. Prórroga do contrato.	233/2026	18-06-2026
2026/G003/0000246	EXPEDIENTE 2026/S002/000052. Revisión anual Servizo Axuda no Fogar	234/2026	18-06-2026
2026/G003/0000245	EXPEDIENTE 2026/S002/000051. Revisión anual Servizo Axuda no Fogar	235/2026	18-06-2026
2026/G003/000248	EXPEDIENTE 2026/V006/000009. Solicitude de renovación de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.	236/2026	18-06-2026
2026/G003/000250	EXPEDIENTE 2026/V006/000011. Solicitude de renovación de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.	237/2026	18-06-2026
2026/G003/000249	EXPEDIENTE 2026/V006/000010. Solicitude de renovación de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.	238/2026	18-06-2026
2026/G003/000254	EXPEDIENTE 2026/X999/000043. Aprobación nóminas extras xuño 2026	239/2026	19-06-2026
2026/G003/000252	EXPEDIENTE 2026/E005/000001. Recoñecemento abono dous trienios a Andrés Francisco Novo Lombao, director funcionario interino do proxecto “Obradoiro Dual de Emprego TouroBoimorto-O Pino”.	240/2026	19-06-2026
2026/G003/000253	EXPEDIENTE 2026/E005/000002. Recoñecemento trienios e abono dous trienios a María Isabel Corral Vilela, monitora da especialidade AGAR0309: actividades auxiliares en conservación e mellora de montes, funcionaria interina do proxecto “Obradoiro Dual de Emprego TouroBoimorto-O Pino”.	241/2026	19-06-2026
2026/G003/000257	EXPEDIENTE 2026/S002/000053. Modificación Servizo Axuda no Fogar dependencia.	242/2026	22-06-2026
2026/G003/000256	EXPEDIENTE 2026/S002/000050. Alta Servizo Axuda no Fogar.	243/2026	22-06-2026
2026/G003/000255	EXPEDIENTE 2026/S002/000042. Revisión anual Servizo Axuda no Fogar	244/2026	22-06-2026

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

2026/G003/000259	EXPEDIENTE 2026/V006/000012. Solicitude de renovación de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.	245/2026	23-06-2026
2026/G003/000261	EXPEDIENTE 2026/S002/000054. Modificación Servizo Axuda no Fogar dependencia.	246/2026	23-06-2026
2026/G003/0000260	EXPEDIENTE 2026/E001/000007. Proceso de selección para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2026. Procedemento de selección a través do Servizo Público de Emprego.	247/2026	23-06-2026
2026/G003/000265	EXPEDIENTE 2026/G003/000265. Quilometraxe e dietas para incluír na nómina do mes de xuño de 2026	248/2026	25-06-2026
2026/G003/000264	EXPEDIENTE 2026/G003/000264. Horas extraordinarias para incluír na nómina do mes de xuño de 2026	249/2026	25-06-2026
2026/G003/000263	EXPEDIENTE 2026/G003/000263 Cristina Andújar Garrido. Recoñecemento de produtividade (mes de xuño 2026)	250/2026	25-06-2026
2026/G003/000262	EXPEDIENTE 2026/G003/000262 Juan Ramón López Tojo. Recoñecemento de produtividade (mes de xuño 2026)	251/2026	25-06-2026
2026/G003/000266	EXPEDIENTE 2026/E005/000003. Recoñecemento trienio e abono un trienio a Agustín Manuel Antelo Amigo coordinador de formación e mestre de formación complementaria (titor/xestión empresarial), funcionario interino do proxecto Obradoiro Dual de Emprego Touro-Boimorto-O Pino.	252/2026	25-06-2026
2026/G003/000267	EXPEDIENTE 2026/G007/000012. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 30 de xuño de 2026. Convocatoria	253/2026	29-06-2026
2026/G003/000273	EXPEDIENTE 2026/G003/000273. Anulación recibo da taxa por recollida de lixo dos exercicios 2023, 2024 e 2025 Número fixo: 253000607173	254/2026	30-06-2026
2026/G003/000272	EXPEDIENTE 2026/G003/000272. Liquidación por intervención do Consorcio Contraincendios e Salvamento de A Coruña	255/2026	30-06-2026
2026/G003/000271	EXPEDIENTE 2026/G003/000271. Delegación de funcións da alcaldía para a celebración de matrimonio civil	256/2026	30-06-2026
2026/G003/000270	EXPEDIENTE 2026/E001/000002. Proceso de selección dun funcionario/a interino/a por programas dun Técnico/a de Igualdade de Xénero. Nomeamento de persoal.	257/2026	30-06-2026
2026/G003/000269	EXPEDIENTE 2026/E001/000003. Proceso de selección dunha persoa tractorista ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2026. Procedemento selección a través do Servizo Público de Emprego.	258/2026	30-06-2026
2026/G003/000268	EXPEDIENTE 2026/X999/000047. Aprobación nóminas xuño 2026.	259/2026	30-06-2026
2026/G003/000276	EXPEDIENTE 2026/G003/000276. Anulación recibo da taxa por recollida de lixo do exercicio 2024 e 2025 número fixo: 253000556019	260/2026	01-07-2026
2026/G003/000274	EXPEDIENTE 2026/T002/000013. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos subvención destinada á renovación e/ou instalación de ata un máximo de dous sistemas de depuración autónomos en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.	261/2026	01-07-2026
2026/G003/000277	EXPEDIENTE 2025/T002/000014. Modificación de créditos: xeración de crédito port ingresos Axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións dirixidas a incrementar a ecoeficiencia na xestión dos residuos de competencia municipal.	262/2026	01-07-2026
2026/G003/000278	EXPEDIENTE 2026/G012/000004. Comisión informativa de asuntos xerais. Sesión ordinaria do 6 de xullo de 2026.	263/2026	01-07-2026

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

2026/G003/000279	EXPEDIENTE 2026/G003/000279. Dietas por asistencias ás sesións dos órganos colexiados municipais durante o segundo trimestre de 2026.	264/2026	01-07-2026
2026/G003/000275	EXPEDIENTE 2025/T002/000015. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos subvención adquisición de novidades editoriais en galego e mellora das coleccións bibliográficas.	265/2026	02-07-2026
2026/G003/000281	EXPEDIENTE 2026/C004/000004. Prestación do servizo "Festa da terceira idade 2026". Aprobación expediente de contratación.	266/2026	02-07-2026
2026/G003/000280	EXPEDIENTE 2026/E001/000008. Procedemento de selección Obradoiro Dual de Emprego “TouroBoimorto-O Pino. Lista de persoas admitidas e excluídas e data do proceso de selección monitor/a da especialidade AGAR209: Actividades auxiliares en aproveitamentos forestais.	267/2026	02-07-2026
2026/G003/000282	EXPEDIENTE 2026/T002/000016. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos Subvención Fondo de compensación ambiental liña non competitiva.	268/2026	02-07-2026

O Pleno dase por enterado.

7 MOCIÓNS.

Non houbo.

8 ROGOS E PREGUNTAS.

En primeiro lugar o alcalde resposta a pregunta que quedou pendente do pleno anterior formulada polo voceiro do Grupo Municipal de Movemento Veciñal do seguinte xeito

En relación coa súa pregunta “Unha vez que entraron no goberno unha actividade que se estaba a desenvolver para persoas con diversidade funcional acollida a un programa do Ministerio e unha vez que se finalizou ese programa esas actividades non se volveron a repoñer. Teñen previsto repoñelas ou non?", maniféstolle o que segue:

Indicarlle que a actividade destinada a persoas con diversidade funcional, que se desenvolveu ao abeiro dun programa financiado polo Ministerio, de carácter temporal, finalizou unha vez rematado o período de execución previsto.

Na actualidade, o número de persoas usuarias susceptibles de participar neste programa redúcese a unha única persoa, circunstancia que non xustifica a solicitude nin a posta en marcha dun programa específico para un só usuario, atendendo aos criterios de eficiencia e ao uso responsable dos recursos públicos.

Non obstante, desde os Servizos Sociais estase a traballar para ofrecer alternativas axeitadas ás necesidades desta persoa, valorando a súa incorporación a actividades xa existentes que poidan favorecer a súa participación social e o seu benestar, sempre que resulten adecuadas ás súas características e capacidades.

En todo caso, esta circunstancia non impide que, de cara a futuras convocatorias, no suposto de que exista un número suficiente de persoas usuarias que xustifique a posta en marcha deste tipo de actuacións, o Concello valore novamente acollerse do programa.

O voceiro de Movemento Veciñal, Sr. Roberto Castro pregunta:

1. Dende que se esgotaron as actividades que tiñamos programadas o anterior goberno, en concreto as destinadas a nenos de 0 a 3 anos que sen desenvolvían en conformidade co PAI deixaron de realizarse, pregunto motivo, non están de acordo con esas actividades?

O Sr. alcalde di que están totalmente de acordo con esas actividades, de fito preguntei na dirección do PAI porque se habían interrompido, non se meu unha resposta satisfactoria, o único que se me dixo é que se habían deixado e se van a repoñer, a min tamén me sorprendeu porque se deixaran de facer esas actividades, non houbo ningunha decisión política de interrompelas, probablemente se debeu a unha problema de coordinación co PAI de mantelas e vanse a repoñer porque estamos totalmente de acordo con que se fagan.

O Sr. Roberto Castro di que da a sensación de que o alcalde non se entera moito do que se fai ou non se fai no sentido de que non estaba sabido das actividades para os disfuncionais e logo tampouco destas do PAI.

O Sr. alcalde di que preguntei por iso, propuxéronmo as nais, non tiña coñecemento, eran unhas actividades que organizaban autonomamente na gardería o que non entendín nin se se meu unha resposta satisfactoria é porque se interromperan.

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

O voceiro de Movemento Veciñal di que seguramente porque dende o goberno se teñen que programar e esqueceulle.

2. Dende hai dous meses, non menos, apareceu un manantial na estrada de Deputación que pasa por riba do Portapego, non é un manantial natural, parece que está constatado que é unha fuga de auga da rede de abastecemento municipal, fuga non pequena.

O Sr. alcalde di que non ten a máis mínima constancia diso.

O voceiro de Movemento Veciñal di que nese punto houbo actuacións de reparación por parte da empresa concesionaria, está o burato sen repara e as vallas postas, se a fuga é toda da rede de abastecemento, ao mellor falamos de dous/tres mil litros de auga por hora.

O Sr. alcalde resposta que lle resulta incrible que sexa do abastecemento cando fixo alí actuacións a empresas concesionaria. Di que ímolo estudar con calma e determinar se é certo que unha fuga do abastecemento e esixirémoslle as responsabilidades que procedan por suposto, porque se dende hai dous meses e son coñecedores non lle poñen remedio. En alcaldía non tiña coñecemento, ninguén me trasladou nada respecto deste tema. Estudarémolo e informarémoslle dese tema.

3. Hai máis ou menos un mes sacou un comunicado o Concello poñendo en coñecemento que se produciron uns actos vandálicos na piscina, falaba de pintadas, baleirado da piscina, e anunciaba a presentación da correspondente denuncia, que nons poden trasladar, onde puxeron a denuncia, como vai ese trámite, que gastos/custes valoraron e demandan, como esta e se asunto?

O Sr. alcalde di que se formulou por suposto o día seguinte na Garda Civil de Touro, resto depende das pesquisas da Grada Civil, fotografiaron as pintadas, polo que me comentan non teñen unha pista clara de que pasou e quen puido ser o autor. O feito foi o seguinte, baixaron á sala de máquinas e activaron o motor de vaciado, cando tiñamos media piscina chea con cisternas de auga comprada, por certo e detectouno o seguinte camioneiro que viña coa cisterna a unha e media da madrugada, calculamos 150 m3 de auga vaciados, imos instalar cámaras, aprendamos deste asunto, o contido das pintadas era curioso “tedes que mellorar a seguridade” digo para que se vexa a intencionalidade do tema,

4. Respecto ao parque empresarial o Concello é titular dos bens en base ao proxecto de reparcelamento, é titular do vial que vai dende a estrada da Deputación ao polígono propiamente, inclúe as marxes tal e como consta no parcelario, resulta que á recollida de auga dese viario escorren os enxurrados do que foi a antiga balsa de logos da antiga explotación mineira, con esta situación a empresa Cobres San Rafael executou unhas obras de canalización para tratar de recoller eses residuos que van parar ao rio e según consta no parcelario esas obras executáronse en terreos do Concello, o Concello autorizou esas obras, aínda que o fixera o enxurrado que se recolle está en terreo público igualmente.

O Sr. alcalde di que esas infiltracións foron obxecto dunha denuncia de augas de Galicia e viñeron ao Concello porque lle dixeron que os terreos eran propiedade do Concello, cousa rotundamente falsa, a propiedade de onde saen as filtracións son de Explotaciones Gallegas, outra cousa distinta é que colindantes coa propiedade municipal salgan á propiedade municipal, pero está clarísimo cal é o orixe e quen é o responsable, nas alegacións que fixemos xa dixemos que non somos titulares deses terreos, teñen que remitirlla ao propietario, tocan algo na beirarrúa coa idea de volvelas a dentro e entendo que esas obras son provisionais, e terán que recollelas no seu terreo, facer a zanja oportuna, buscar a orixe e levalas ao pozo de bombeo que teñen máis arriba, aínda non temos a resolución definitiva de Augas de Galicia e teño clarísimo que o Concello de Touro non é responsable diso, máis ben é o que sufre as consecuencias desas filtracións.

O voceiro de Movemento Veciñl, Sr. Roberto Castro di que esas escorrentías contaminadas e contaminantes van a terreo municipal, co cal efectivamente o Concello é o perxudicdo. Esas actuacións que se fixeron para recoller esas augas e canalizalas executáronse en terreo de titularidade municipal, non e terreo da mina para impedir que chegasen a terreo público.

O Sr. alcalde di que considero que foi unha actuación provisional, determinado o causante terán que arranxalo dentro dos seus terreos, estou esperando pola resolución de Augas, e terá qu obligar aos propietarios a recollelas nos seus terreos, e non teñamos non que facer nada.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

5. Formula o Sr. Castro Rocamonde un rogo; que consutase o plano parcelario porque está retrinxindo o terreo público á beirarrúa, porque ao mellor non está no certo.

O que si me da a entender é que o Concello é coñecedor de que está recibindo unha augas contaminadas e o Concello non fixo nada nin antes nin de momento está facendo. A pretesión do Concello vai ser que esas augas se recollan e se traten no terreo privado, que é de onde proceden?

O Sr. alcalde di que a pretensión é de Augas de Galicia que é quen ten a competencia nese tema e terá que decirlle ao causante, aos donos dos terreos que ten que aportar, porque nos somos perxudicados e fomos coñecedores a través de dous técnicos de Augas de Galicia, miraremolo parcelario, determinaremos ata onde chega a tituaridade municipal, pero está claro que a orixe é de Explotacións Gallegas.

Intervén o Concelleiro non adscrito Darío Rey que di que todos entendemos que este señor non busca formular preguntas, o que intenta é deixar caer unha trampa, o Concello non fixo nada cando vostede gobernaba, agora o Concello si que fixo, este o problema menor de todos os que hai e dígollo con coñecemento de causa, porque se contratou un informe pericial que se fará público porque se acaba de recibir e lle adianto que ese rego é un dos principais prexudicados. Ese vertido non é responsabilidade do Concello e enviarase a TYSGAL para defender os intereses do Concello.

6. Respecto da RPT, o posto de encargado de obras e servizos consta que se vai promover por promoción interno, creo que dixo literal, cando espuxo o asunto para este posto temos a persoa adecuada, e este pleno aproba o posto.

O Sr. alcalde di que este Pleno aproba a relación de postos de traballo, farase a asignación desas funcións neses momento e se consideramos que esa persoa dentro do persoal so Concello, reúne os requisitos para promocionar a ese posto, a promoción interna está recoñecida no Convenio, non me discuta ese tema, Probablemente haxa máis de un, eu dixen un porque é o caso que coñezo que está facendo as funcións de encargado de obras e non vexo problema en dicir o que é.

O Concelleiro do Partido Galego, Sr. Jesús Pereira, pregunta polo alcantarillado da Quintá.

O Sr. alcalde di que supón que ten noticias frescas, e que perdeuse a subvención, habíase contratado a unha empresa, porque non foron capaces de conseguir o equipamento no prazo de xustificación da subvención entón decidimos paralizar a obra porque habería que financiala con fondos propios e o que fixemos foi incluíla na convocatoria deste ano que por certo no ano pasado outorgárensenos dez mil euros e o resto os poñía o Concello e este ano financia a Xunta o 100 %, entón imos manter o contrato coa empresa e estivemos sobre os terreos e comezarán en cuestión de días, por certo aproveito para dicir que cando se proxectan as obras hai que ver un pouquiño o que se fai, non vou recordar o da pista de pádel porque foi delirante, pero nesta que sentido ten plantear meter unha fosa séptica con doce metros de tubo e colocarlla diante do portal ao último veciño, por suposto que nos faremos a extensión da tubería necesaria, mínimo trinta metros máis de canalización, non ten sentido deixarllo diante das casas. Vaise facer de inmediato.

Realiza un rogo o Sr. Jesús Martínez, voceiro do PG, na pista polideportiva da Muíña quitouse o pino pero quedou todo sen recoller, alambres tirados.

Estou totalmente de acordo que hai que cambiar as alambradas di o Sr. alcalde. É unha cuestión de programación de traballo e farémolo tan pronto como poidamos.

*** As deliberacións correspondentes aos puntos tratados neste Pleno atópanse recollidos no arquivo da acta multimedia gravada e que consta no correspondente expediente electrónico da sesión, publicada na web municipal e dispoñible publicamente na seguinte URL, xunto coa acta en formato pdf:**

https://www.concellodetouro.com/index.php/gl/concello/plenos/videos

https://www.youtube.com/watch?v=PjJXJV4YIaM

*** As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000008 e identificado pola pegada dixital: fd7f436be9ec8938c7310af50aea9603ed9ec0111b2252589a1456223c1d299a**

Minutaxe

0.07 EXPEDIENTE 2026/G010/000007. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 11 de xuño de 2026. Aprobación da acta da sesión.

0.20 EXPEDIENTE 2025/A008/000051. Subvención nominativa á Deputación Provincial de A Coruña para a execución do proxecto de obra Parque infantil agility e bikepark no Concello de Touro. Aprobación proxecto e solicitude.

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

15.55 EXPEDIENTE: 2026/E004/000001. Modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Touro. Aprobación.

40.55 EXPEDIENTE 2026/T002/000012. Modificación de créditos primeira baixo a modalidade de suplemento de crédito. Aprobación.

1.07.03 EXPEDIENTE 2026/X006/000118. Calendario laboral ano 2027. Aprobación proposta fixación festivos locais.

1.07.35 EXPEDIENTE 2026/G006/000149. Decretos da Alcaldía ditados entre o 8 de xuño e o 5 de xullo de 2026.

1.07.46 Rogos e preguntas.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 22.31 horas do 9 de xullo de 2026.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: TN+N85b6Zv1VHEw/9vDa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/